

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 12 DE DECEMBRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 12 de decembro de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o adxunto á intervención D. Rubén Vizcaíno Pena (*resolución de 12-12-2013*).

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 7 de novembro de 2013.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 7 de novembro de 2013 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo relativa á aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora da concesión de quioscos de prensa, chilindradas, churros, cupóns e demais autorizados situados na vía pública.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 9 de decembro de 2013.

Di o sr. Alcalde que esta modificación da ordenanza foi ditaminada pola Comisión de Obras e Urbanismo celebrada o día 3 de decembro de 2013, e que fundamentalmente do que se trata é de mellorar a ordenanza vixente, determinando como teñen que ser as construcións nas futuras concesións, fixando os límites e prórrogas das concesións, as obrigas dos concesionarios ou das concesionarias, os requisitos para poder ser titular das concesións, as faltas e sancións correspondentes, etc. e sobre todo os criterios de adxudicación que son eminentemente sociais, primando por riba de todo as circunstancias persoais, as familiares ou as económicas dos solicitantes. Di o alcalde que este asunto levouse polo menos tres veces á Comisión para que se fixeran suxestións e dá lectura ao ditame da Comisión informativa do día 3.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves), acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da concesión de quioscos de prensa, chilindradas, churros, cupóns e demais autorizados situados na vía pública, cuxo texto quedará coma segue:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente Ordenanza regula, ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local e na normativa reguladora do Patrimonio das Administracións Públicas, constituída principalmente pola Lei 33/2003, a

utilización do dominio público municipal mediante a instalación de quioscos.

O obxectivo da regulación é adaptar a normativa municipal á normativa vixente, de forma especial á Directiva de Servizos 2006/123/CE, relativa á liberdade de establecemento e de prestación de servizos, aclarar conceptos e establecer unha ordenación máis sinxela dos quioscos en terreos de dominio público municipal, co obxecto de lograr unha maior protección do uso común do espazo público.

O principal dereito cidadán que o Concello deberá garantir á hora de conceder as autorizacións que constitúen o obxecto desta ordenanza, é o da accesibilidade da vía pública para todas as persoas. A este respecto tanto na presente ordenanza como nos seus actos de aplicación terase especialmente presente a normativa vixente que regula as condicións básicas de accesibilidade dos espazos públicos.

Outro principio reitor desta Ordenanza é ser instrumento para construír unha política social de carácter xeral. O obxectivo que se persegue é poñer a disposición dos colectivos menos favorecidos unha alternativa máis das existentes para contribuír a igualdade de oportunidades facilitando o acceso ao emprego para mellorar a súa autonomía persoal.

Respecto dos principios e directrices da Directiva de Servizos 2006/123/CE respéctanse por esta ordenanza. Mantense a técnica autorizante de acordo co establecido nos artigos 6 e 84 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, así como o silencio administrativo negativo, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 30/1992. A autorización esíxese pois un control a posteriori non sería eficaz, non é discriminatoria e fundaméntase nos obxectivos de política social. As condicións para obter a autorización tampouco son discriminatorias, xustifícanse na razón de interese xeral como é a política social, enténdense proporcionadas ao fin que se persegue, son claras e inequívocas, obxectivas, faranse públicas con antelación e son transparentes e accesibles.

En particular púxose especial coidado en garantir a esixencia dos mínimos requisitos posibles baixo a premisa fundamental da limitación e escaseza do espazo público, que provoca a necesidade de limitar, o número de autorizacións que poden ser outorgadas. Asegúrase o perfecto cumprimento dos principios de imparcialidade e de transparencia nas concesións e, así mesmo, a duración limitada das autorizacións, a non renovación automática das mesmas e a non existencia de vantaxes para o prestador cesante ou persoas vinculadas ao mesmo, coas excepcións que sinala a ordenanza que se limitan a artellar a política social que persegue o Concello coa adxudicación das concesións sobre o dominio público que amparan a instalación dos quioscos. Esa mesma política social é a que xustifica as limitacións relativas ao persoal que atende o servizo. Evítase incluír todo

requisito contrario á regulación comunitaria, e os que se establecen cumpren co criterio de ser necesarios, proporcionados e non discriminatorios, claros e inequívocos, obxectivos, transparentes e accesibles, e faranse públicos con antelación.

Para rematar preténdese a máxima simplificación administrativa, suprimindo todos os trámites administrativos innecesarios, a fin de facilitar a utilización do espazo público.

Artigo 1 Obxecto. A presente Ordenanza ten por obxecto regula-lo procedemento de adxudicación de quioscos instalados na vía pública, así como os dereitos e obrigas dos seus titulares, o seu réxime xurídico e sancionador aplicable, tendo en conta o carácter social que se pretende.

Artigo 2 Construción. A construción de quioscos será pola conta do concesionario, logo da preceptiva autorización municipal. Todos os quioscos deberán corresponder a modelos previamente homologados polo Concello do Barco, podendo determinar os modelos dos quioscos a instalar, propoñendo un modelo ou unha serie deles que deberán gardar harmonía co entorno urbanístico da zona, axustando as súas dimensións ao lugar en que se instalen.

Artigo 3 Localización. Os quioscos que se constrúan instalaranse nos puntos que o Concello considere máis conveniente, tendo en conta os aspectos de servizo público e sociais, así como os urbanísticos, os comerciais e de tráfico da zona e os xerais da vila. Poderá acordarse o traslado do quiosco por obras municipais ou cuestións urbanísticas, tráfico, adopción de novos criterios ou calquera outra circunstancia de interese público xeral apreciada polo Concello.

Artigo 4.^a Límites da concesión. A concesión estará limitada aos seguintes aspectos:

a) No espazo: a actividade exercerase exclusivamente dentro do quiosco, sen que se poida ocupar solo, subsolo ou voo cos obxectos en venda. Non poderán facerse obras de modificación ou reforma sen a autorización municipal. A superficie máxima virá determinada en cada caso polo Concello.

b) No tempo: o prazo máximo da concesión será de dez anos, que discrecionalmente poderá ser obxecto de prórroga sempre que así o acordara expresamente o Concello, en consideración ás circunstancias concurrentes. A prórroga concederáse de dous anos en dous anos ata un máximo de dez. Asemade terase en conta a idade na que o adxudicatario

poda acceder á totalidade da prestación por xubilación para a concesión de dita prórroga, tendo como límite máximo dita idade.

c) Nas cousas obxecto de venda: só poderán venderse as que de modo expreso sexan autorizadas polo Concello no acordo de concesión sen que se permita a venda de bebidas alcohólicas.

d) No seu horario:

Horario mínimo: permanecerán abertos un mínimo de 40 horas semanais e 5 diarias.

Horario máximo: pecharán antes das 22:00 horas, con apertura despois das 8:00 horas, podendo ser ampliado o horario polo Concello en función das características da instalación.

Os quioscos poderán permanecer pechados por vacacións como máximo un mes en cada ano natural (ou pro rata, de ser o caso), comunicándollo por escrito ao concello.

O pechamento por baixa médica, ou forza maior, xustificárase tamén perante o concello.

O outorgamento da concesión entenderase, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. No acordo de concesión concretarase ademais da actividade, superficie a ocupar e o horario, os requisitos sanitarios a cumprir.

Artigo 5 Obrigas do concesionario. Serán as seguintes:

A.-Xerais:

a) O desenvolvemento persoal da actividade, sen prexuízo de que poda contar ca axuda dun colaborador habitual, en cuxo caso deberá comunicarse esta circunstancia ao Concello nun prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel en que se iniciase a relación laboral co titular do quiosco, acreditando debidamente a relación que se establecera de acordo ca normativa reguladora desta materia e da Seguridade Social. Deberá ser comunicada no mesmo prazo calquera baixa producida na relación.

b) Única e exclusivamente poderá vender os produtos ou obxectos autorizados.

c) A obtención de tódolos permisos e licenzas que sexan precisos para o exercicio da actividade.

d) Exercer a actividade dentro do horario establecido.

e) O cumprimento das normas sanitarias e demais de aplicación sobre a venda de produtos.

f) A asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizalo ben segundo a súa natureza.

- g) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, o que inclúe a obrigatoriedade de formalizar póliza de responsabilidade civil por un importe de cando menos 180.000 euros.
- h) O mantemento e a limpeza do quiosco, sendo ao seu cargo as reparacións dos danos e prexuízos que se causaren, aínda que haxa un terceiro responsable.
- i) Estar ao día nas súas obrigas fiscais derivadas do exercicio da actividade.
- j) Ter un trato correcto co público.
- k) O pagamento da taxa establecida na correspondente Ordenanza Fiscal.
- l) Obriga do concesionario de abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición do Concello, dentro do prazo, os bens obxecto de utilización. O Concello poderá acordar e executar o lanzamento, en caso de resistencia do concesionario.

B.-Especiais:

O Concello poderá impoñerlles aos concesionarios a colaboración en actividades diante do público, como a distribución de información impresa ou de divulgación e o desenvolvemento de servizos públicos, como a venda e a distribución de entradas a actos ou outros. Con tal motivo o concello poderá colocar nos quioscos os reclamos ou os rótulos correspondentes á devandita colaboración.

Artigo 6 Transmisión.

A transmisión da concesión, que será gratuíta en calquera circunstancia, só poderá realizarse nos supostos previstos neste artigo. Requirirá en todo caso a previa comunicación ó Concello, que deberá autoriza-la por resolución de Alcaldía previo ditame da correspondente Comisión Informativa municipal, nos seguintes supostos:

- a) Morte, xubilación ou declaración de incapacidade do titular da concesión, con destino ó seu cónxuxe ou parella ca que forme unión de feito, fillos ou pais. Caso de concorrencia entre fillos ou pais, terá preferencia o solicitante que ostentara o cargo de colaborador durante máis tempo. De persistir o empate, se atenderá ao criterio de necesidade económico social valorada polo departamento de servizos sociais.
- b) Tamén será posible a transmisión voluntaria a un colaborador habitual do titular da concesión, que traballara para el durante cando menos durante todo o ano inmediatamente anterior á transmisión sempre que reúna os requisitos do artigo 16.

Unha vez que a concesión se transmita por algún dos supostos previstos anteriormente, non será posible unha nova transmisión, nin sequera no caso en que se volvera a producir algún dos supostos antes mencionados.

Artigo 7 Traspaso.

Queda prohibido o traspaso da concesión e a cesión de uso ou gozo.

Artigo 8 Reversión. A concesión reverterá no concello nos casos seguintes:

- a) O cumprimento do prazo de concesión.
- b) O pasamento do concesionario/a, agás nos casos de transmisión autorizada até o cumprimento do prazo da concesión.
- c) A xubilación do concesionario/a, coa excepción sinalada no artigo anterior.
- d) A renuncia expresa do concesionario/a.
- e) A sanción polo incumprimento das normas establecidas.

Unha vez caducada ou revogada a concesión, o quiosco reverterá ao Concello e farase a devolución da garantía no caso de non ter que lles facer fronte a estragos ou arranxos no citado quiosco, non ter débedas coa facenda municipal, ou non existir outros incumprimentos das súas obrigacións pola parte do concesionario que fagan precisa a execución da garantía.

Artigo 9 Anulación da concesión.

O Concello poderá deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se así o xustificaren circunstancias sobrevidas no interese público, mediante o resarcimento de danos e prexuízos, se proceder.

Artigo 10 Taxa.

O/A concesionario/a satisfará a taxa cuxo importe será o que anualmente fixe o Concello a través da correspondente ordenanza fiscal de instalación de quioscos na vía pública.

Artigo 11 Garantía definitiva.

O/A concesionario/a estará obrigado/a a depositar unha garantía, do 3% do valor do dominio público ocupado e, no seu caso, do presuposto das obras a executar.

Artigo 12 Gastos.

O custo da instalación do quiosco, da electricidade, e de todas as obras necesarias para a súa apertura serán pola conta do concesionario/a, así como todos os gastos de funcionamento e mantemento para ter o quiosco nas debidas condicións de ornamento público durante toda a concesión.

Artigo 13 Faltas.

O/A concesionario/a será responsable en todo caso e poderá ser sancionado pola comisión das seguintes faltas:

Leves:

- a) O incumprimento do horario establecido, agás caso de forza maior acreditada.
- b) A non apertura do quiosco até tres días naturais consecutivos ou cinco alternos dentro dun mes natural.
- c) Non manter o posto nas debidas condicións de salubridade, ornato, limpeza e conservación.
- d) O trato incorrecto co público.
- e) Calquera incumprimento da presente ordenanza que non teña o carácter de grave ou moi grave.

Graves:

- a) A comisión dunha segunda falta leve, de igual ou diferente natureza, dentro dun prazo de un ano.
- b) A non apertura do quiosco até seis días consecutivos ou alternos dentro dun mes natural.
- c) A atención do quiosco por unha persoa non autorizada.
- d) A falta de pagamento da taxa nos prazos correspondentes.
- e) A venda de produtos non autorizados.
- f) A ocupación de máis terreo do estipulado na concesión sen ter autorización para isto.
- g) Non comunicar ao Concello o pase á situación de xubilación.
- h) O incumprimento do deber de comunicar ao Concello a contratación dun colaborador habitual.

Moi graves:

- a) A comisión dunha segunda falta grave, de igual ou diferente natureza, dentro dun prazo de un ano.
- b) Incumprimentos da apertura en períodos superiores aos anteriores.
- c) A realización de actividades ilícitas no quiosco.
- d) O traspaso do quiosco ou a cesión total ou parcial da súa explotación. Así como a transmisión se cumprir cos requisitos previstos nesta Ordenanza.
- e) A realización de reformas ou modificacións do quiosco sen a autorización municipal, coa obriga, de ser o caso, do restablecemento á situación anterior.
- f) A comisión de 5 faltas leves ou 3 graves dentro do período da concesión.
- g) Non manter o quiosco en adecuadas condicións de seguridade.

Artigo 14 Sancións.

As faltas cometidas terán as seguintes sancións:

- a) Faltas leves: Multa de 100 ata 750 euros €.
- b) Faltas graves: Multa de 751 ata 1.000 €.
- c) Faltas moi graves: Multa de 1.001 a 3000 € , e/ou perda da concesión.

Artigo 15 Título habilitante.

1.A actividade a desenvolver nos quioscos comporta un uso privativo do dominio público, que se somete á correspondente concesión demanial, conforme establece a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

2.As concesións outorgaranse mediante pública licitación, segundo a normativa de aplicación, a presente Ordenanza e conforme a os pregos de condicións que se aproben. A apertura do procedemento para a concesión administrativa publicarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Edictos do Concello e no perfil de contratante do Concello.

Artigo 16 Requisitos para ser titular dun quiosco

1.Os suxeitos participantes na licitación pública para a adxudicación da concesión deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Que o solicitante sexa persoa física, maior de idade e que estea en posesión dos seus dereitos civís.
 - b) Que tanto o peticionario coma o seu cónxuxe, ou parella coa que forme unión de feito, non exploten outro quiosco no Concello do Barco de Valdeorras.
 - c) Que o solicitante se comprometa a desempeñar a actividade persoalmente, sen prexuízo de que poida contar coa axuda dun colaborador de carácter habitual nos termos sinalados no artigo 5 a)
 - d) Estar capacitado para desempeñar persoalmente a actividade.
2. En ningún caso poderán ser titulares de concesións sobre bens e dereitos demaniais, as persoas nas que conorra algunha das prohibicións de contratar previstas na normativa de contratación pública.

Artigo 17 Documentación a presentar.

Os licitadores presentarán unha solicitude de participación no procedemento concesional nos termos que se estableza no prego regulador da convocatoria xuntando a documentación precisa para acreditar o cumprimento dos criterios de adxudicación que tamén se establecerá no prego.

No caso de que as solicitudes non reúnan os requisitos esixidos requirirase ós interesados para que, no prazo que de dez días, corrixan ou completen a solicitude, coa advertencia expresa de que se non o fixesen se entenderá que desisten da súa solicitude.

Artigo 18 Mesa de valoración

A admisión, a selección e mais a valoración dos admitidos/as para os efectos da concesión farase por unha mesa de valoración, ca seguinte composición:

-Presidente: O/A Alcalde/sa do Concello ou persoa en quen delegue

-Vocais:

Un Concelleiro da oposición.

O/A Secretario/a da Corporación ou persoa en quen delegue.

O/A Interventor/a da Corporación ou persoa en quen delegue.

O/A Traballadora Social.

O/A Concelleiro/a delgada de Servizos Sociais

-Secretario: O/A Técnico/a de Administración Xeral.

Artigo 19 Criterios de adxudicación

A adxudicación das concesións deberá realizarse conforme aos seguintes criterios de adxudicación:

1 Circunstancias persoais:

a) Discapacidade non impeditiva do exercizo da actividade:

33%: 5 puntos.

34% a 55%: 7 puntos.

56% a 65%: 9 puntos.

Mais do 65%: 11 puntos.

b) Invalidez da Seguridade Social, non impeditiva do exercizo da actividade:

Total: 5 puntos.

Absoluta: 9 puntos.

Gran invalidez: 11 puntos.

c) Persoa desempregada: 5 puntos.

d) Desempregado maior de 45 anos: 9 puntos.

e) Persoa perceptora do RISGA: 9 puntos.

f) Víctima de violencia de xénero: 9 puntos.

2 Circunstancias familiares:

a) Fillos desempregados entre 18 e 30 anos con máis de 6 meses de desemprego: 1 punto por cada fillo.

b) Cónxuxe desempregado/a con máis de 6 meses de desemprego: 1 punto.

c) Cónxuxe ou fillos con dependencia e/ou discapacidade: 1 punto por cada unha das persoas.

d) Persoas maiores ao seu cargo (pais ou sogros) con dependencia e/ou discapacidade: 1 punto por cada unha das persoas.

e) Familia numerosa: 1 punto.

f) Familia monoparental: 1 punto por cada fillo a cargo.

g) Separado/a/divorciado/a con fillos a cargo: 1 punto por cada fillo a cargo.

h) Persoa tutelada durante a súa minoría de idade pola Xunta de Galicia (menor de 30 anos): 1 punto.

3 Circunstancias Económicas: 9 puntos, segundo o seguinte límite:

Unha persoa con ingresos inferiores a 499,23 euros/mes

Dúas persoas con ingresos inferiores a 579,10 euros/mes

Tres persoas con ingresos inferiores a 645,66 euros/mes

Catro persoas con ingresos inferiores a 698,91 euros/mes

Cinco persoas con ingresos inferiores a 752,16 euros/mes

4 Outras circunstancias: Por estaren empadroados no Concello do Barco de Valdeorras: 2 puntos por ano, ata un máximo de 20 puntos.

Artigo 20 Comezo da Actividade.

O concesionario iniciará a actividade na data que determine o Concello do Barco de Valdeorras, podendo este rescindir o contrato e incautarse da garantía se non se efectuase, sendo por conta do adxudicatario todos os danos e prexuízos que por esta rescisión puideran ocasionarse.

Artigo 21 Réxime Xurídico.

No non previsto expresamente na presente Ordenanza de condicións, estarase ó disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, Real Decreto-Legislativo 3/2011, RD 1.098/2.001, a Lei 7/1985, o TRRL (RDLex 781/1986), a Lei de Admón. Local de Galicia (Lei 5/97) e demais normativa de aplicación.

Artigo 22 Xurisdición Competente

As cuestións litixiosas surxidas sobre interpretación, modificación, resolución efectos e extinción da concesión serán resoltas polos órganos de Contratación, cuíñas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contenciosa-Administrativa, a tenor da Lei de dita xurisdición.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- Entrada en vigor

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

Publícase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación desta ordenanza se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses. Os prazos indicados computaranse a partir do seguinte á publicación deste anuncio.

2º.- A publicación deste acordo no BOP por prazo de 30 días para a formulación de reclamacións e suxestións polos interesados. No caso de que no foran presentadas reclamacións ou suxestións durante o referido prazo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 9 de decembro de 2013.

Di o sr. Alcalde que trátase de modificar a ordenanza fiscal do IBI porque no artigo 3 da citada ordenanza, no seu apartado 6, se establece que *“as alteracións relativas ós bens inmóbeles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia a efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizalas declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario”*, o que esixe que cando se produce calquera alteración nos bens inmóbeles debe ser comunicada obrigatoriamente polos propietarios ao Castastro para poder actualizalo, pero di o Alcalde que esas declaracións das alteracións as fan poucas persoas o que xera problemas que ó final ten que resolver o Concello. Prosegue dicindo o Alcalde que actualmente o Concello do Barco poder facer directamente esas declaracións liberando aos veciños do problema da tramitación ante o catastro e que iso é o obxecto da modificación que se trae a Pleno. Remata dicindo o sr Alcalde que segundo os técnicos esta modificación non vai ter efectos fiscais aínda que si vai ser un servizo que se lle vai a prestar a todos os veciños.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBELES” modificando o artigo 3 normas de xestión referente o procedemento de comunicación previsto no texto refundido da lei reguladora do catastro inmobiliario”.

De acordo co seguinte texto:

ARTIGO 3.- XESTIÓN.

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello de O Barco de Valdeorras , e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, a realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.

2. O Concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal.

3. O imposto xestiónase a partir da información contida no Padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ó efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia do Concello para a calificación de inmobles de uso residencial desocupados. Dito Padrón conterá a información relativa ós bens inmobles, separadamente para cada clase e será remitido ó Concello antes do 1 de marzo de cada ano.

4. Os datos contidos no Padrón catastral e nos demais documentos citados no apartado anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do imposto sobre Bens Inmobles.

5. Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos á que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acordar o Concello de O Barco de Valdeorras a efectos da liquidación do imposto devengado polo correspondente exercicio, serán comunicadas á Dirección Xeral do Catastro na forma prevista no Convenio de colaboración de 09 decembro de 1999.

6. As alteracións relativas ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia a efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizalas declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme o establecido nas súas normas reguladoras.

7. O Concello de O Barco de Valdeorras acollerase o procedemento de comunicación previsto no Texto Refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións a que se refire o apartado 6 anterior, consecuencia dos seguintes actos administrativos de competencia municipal:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.

- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma
- Licenzas de demolición
- Licenzas de modificación de uso.

Disposición derradeira

Esta modificación da ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

2º.- Expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

3º.- Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da corporación, procedendo no seu caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo,ata entón provisional quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O Acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza será publicado no BOP de Ourense a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación das anualidades previstas no Convenio de colaboración entre a Confederación do Miño-Sil e o Concello do Barco de Valdeorras, para o financiamento, execución, entrega e formalización da encomenda de xestión para mantemento e conservación das obras de ampliación da EDAR do Barco de Valdeorras.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 9 de decembro de 2013.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que as obras van con retraso pois xa tiña que estar comezada e está aínda sen adxudicar, o normal é que se adxudique nestes días pois xa saíu a concurso fai uns meses. Di que o Concello tiña tres anualidades, a máis pequena a deste ano e as outras dúas,

no 2014 e no 2015, eran similares, pero como a obra vai con retraso o único gasto que se ten feito é a redacción do proxecto, e que por iso a Confederación remitiu unha reprogramación das cantidades que ten que poñer o Concello do Barco. Di o alcalde que a maiores estaría o tema da financiación porque os custes financeiros deste proceso asumíunos o Concello, aínda que as cantidades son as mesmas, pero que isto pode supoñer un pequeno problema para o Concello no ano 2015 pois non é o mesmo poñer 150.000€ que preto de 500.000€ e que hai que ter en conta que si se asina en xaneiro o convenio coa Consellería de Medio Ambiente, comprometido e informado favorablemente polos técnicos municipais, estaríase a falar da metade aínda que son cantidades superiores ás previstas e hai que ver cómo asume eso o orzamento do ano 2015. Remata dicindo o sr. Alcalde que en calquera caso o Concello ten capacidade suficiente para ir a unha operación de crédito e non habería ningún problema para o financiamento.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves), acorda:

Primeiro: a modificación das anualidades derivadas do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño - Sil e o Concello de O Barco de Valdeorras para o financiamento, execución, entrega e formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das obras de ampliación da EDAR de O Barco de Valdeorras, asinado polas devanditas partes con data 29/04/2013, e á modificación dos correspondentes compromisos de gasto de exercicios futuros, conforme a seguinte programación polo que respecta á execución da obra:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO - SIL (65,22 %)	CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS (34,78 %)
2013	43.439,00 €	28.330,92 €	15.108,08 €
2014	428.542,78 €	279.495,60 €	149.047,18 €
2015	1.368.018,22 €	892.221,48 €	475.796,74 €
TOTAL	1.840.000,00 €	1.200.048,00 €	639.952,00 €

Segundo: a modificación das anualidades derivadas do convenio, e á modificación dos correspondentes compromisos de gasto de exercicios futuros, conforme a seguinte programación polo que respecta aos gastos financeiros:

**CONCELLO DE O BARCO
DE VALDEORRAS**

2013	2.101,50 €
2014	20.402,06 €
2015	65.058,94 €
TOTAL	87.562,50 €

5º Ditamen da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión bonificación ICIO solicitada por D^a Silvia García Diéguez.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 9 de decembro de 2013.

Di o sr Alcalde que trátase dunhas obras de mantemento de vivenda en Santo Tirso nº 43 de Veigamuíños no Castro e que ten os informes favorables.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar que na obra solicitada por D^a Silvia García Diéguez (R.E. 6 novembro 2013) concorren circunstancias de especial interese social e histórico-artístico, de acordo co informe do arquitecto municipal de 18 de novembro de 2013.

Segundo: Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.

6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre “os contratos temporais que se convierten en indefinidos”.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó voceiro do PP o sr.

Blanco Paradelo, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Dende hai varios anos no Concello de O Barco vense producindo un feito un tanto especial, ao tempo que inxusto, en canto a que varios traballadores empezan a súa relación laboral co Concello a través de contratos temporais e co paso dos anos terminan por converterse en traballadores indefinidos.

E isto sucede debido a reiteración de contratos na mesma persoa, que despois acode a xustiza, presenta demanda contra o Concello e dánlle a razón, acreditando que a contratación foi en fraude de lei e que polo tanto a relación entre as partes pasa a ser indefinida.

Deste xeito, nos dous últimos anos catro traballadoras do servizo de Axuda a Domicilio, unha técnico de Medio Ambiente ou a Axente de Emprego Local, ao que lle podemos engadir os cincuenta traballadores que, con gallo da aprobación en novembro de 2009 da Relación de Postos de Traballo, viron convertidos os seus contratos temporais en indefinidos(ata a xubilación) sen nin sequera ter pasado por ningunha proba ou proceso de selección, vulnerando os principios de mérito, capacidade e igualdade de oportunidade como así certificaban os propios informes dos técnicos municipais.

Dada a repetición deste feito o Grupo Municipal do Partido Popular interesouse polo tema en varios plenos e comisións informativas, e mesmo chegamos a solicitar unha convocatoria extraordinaria da Comisión de Persoal con este asunto como único punto instando ao goberno a elaboración dun estudo e análise das condicións laborais de posibles traballadores que poderían encontrarse nunha situación similar, sen que a proposta fose atendida.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Goberno do Concello de O Barco convocará a Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá sempre que se vaia a realizar unha contratación de persoal, e porá a disposición dos grupos políticos todos os antecedentes da contratación de calquera persoa de forma temporal, por obra ou servizo, ou en calquera modalidade de contratación directa polo Concello, así coma toda a información relacionada coas memorias xustificativas de contratos de obras ou servizos, actas das reunións dos tribunais de selección realizados, decretos de convocatoria de procesos de selección etc...”

Prosegue facendo uso da palabra o sr. Blanco Paradelo dicindo que non é a primeira vez que se fala no Pleno deste asunto, que pode ser incómodo para o equipo de goberno que ten que asumir os erros cometidos en política de persoal. Afirmo que non se trata dunha opinión xa que tamén o sinalan os informes da Secretaría e da Intervención e as sentencias que ratifican que determinados traballadores que comezaron temporalmente mediante concatenación de contratos adquiriron a condición de indefinidos ou fixos discontinuos por sentenza xudicial. Desde xeito, afirmo o concelleiro, estes

traballadores permanecen no Concello ata a súa xubilación se non se saca a praza a concurso. Prosegue dicindo que os procedementos que se seguen para a selección do persoal laboral temporal e o fixo non son os mesmos e deste xeito se vulneran os principios de igualdade, mérito e capacidade como din os propios informes e que o seu Grupo presentou distintas iniciativas ante a Comisión de persoal pero déronselle carpetazo e que pensan que hai cousas que facer, non por prexudicar ao traballador e si por defender o principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público de todos os cidadáns xa que co concurso-oposición se limitan as posibilidades de todos. O concelleiro prosegue a súa intervención sinalando que en dous anos seis persoas se beneficiaron da contratación en fraude de lei e que o sr. Alcalde dirá que Montoro puxo limitacións, pero eso ocorre dende fai ano e medio e estase a falar que dende o ano 1999 o PSOE leva gobernando no Concello e as sentencias das que se fala na Moción fan relación a contratos que se fixeron de forma sucesiva en fraude de lei, nese suposto descoñecemento que parece que o equipo de goberno tiña.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves quen di que o seu Grupo recibe moi ben a Moción presentada polo PP, pois xa se teñen manifestado ao respecto en varias comisións e en sesións plenarias anteriores. Di que a ninguén se lle escapa como cociña o sr. Alcalde dende a Alcaldía, aínda que eles van moito máis alá dos contratos nomeados polo sr. Blanco, como por exemplo cando saíu a convocatoria para a contratación do Técnico da Concellaría de Deportes, na que as bases deixaban moi pouca marxe para que non saíse como dende a Alcaldía se quería, e que daquela o grupo do PP estivo bastante calado e non dixo nada ao respecto. Prosegue o sr. Sierra dicindo que quere poñer outro exemplo que é o da selección de persoas para os obradoiros de emprego, facéndose chamadas personalizadas dende o departamento de emprego do Concello e que aínda que todo é legal bordea a moralidade e a transparencia política. Di o sr. Sierra que el critica a xestión do sr. Alcalde como político pero non culpabiliza a ningún técnico, pois un alcalde como o sr. García que lle gusta estar en todos os sitios incluso ninguneando a todos os seus concelleiros e concelleiras, dende elixindo farois ata sabendo por onde meter as tubarias tamén dará ordes para que se chame a tal ou cal persoa. Remata o sr. Sierra dicíndolle ao voceiro do PP, que antes de esbardallar do que pasa nesta administración debería arranxar a súa casa, pois a Deputación non é sinónimo da transparencia política en canto a contratación, e o sr Blanco formou parte desa Administración.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde quen di que pouco lle pode dicir ao sr. Sierra xa que di as cousas a medias e é un disparate pensar que os funcionarios son marionetas nas mans do alcalde, non merecendo a pena

comentalo, que os concursos que se convocaron no Concello do Barco, como do que falou o voceiro do BNG, de técnico de deportes, foi elaborado en base a outros concursos similares que se fixeron noutros concellos, e que na Xunta, na Deputación e nos Ministerios fanse concursos-oposicións polo que nada impide a esta Administración optar por ese procedemento de selección. Prosegue dicindo que ao sr. Blanco non lle pode contestar pois o voceiro xa lle dixo o que seguro que ía dicir el, que xa nas comisións explicouse moitas veces, que dos cincuenta traballadores dos que se fala na Moción, menos un os demais non entraron na época do mandato do PSOE, e que se decidiu que quedara todo como estaba como así se acordou no Pleno, e que respecto do persoal que se acadou a condición de indefinido non ten que ver nada cos fixos descontínuos, que se dependen das subvencións como é o caso dos servizos sociais e que ese tema actualmente está no aire posto que si se aproba a Lei de Reforma de Bases de Réxime Local como está, o día 1 de xaneiro os servizos sociais pasan á Xunta e será a Xunta a que se teña que facer cargo do persoal, e eso é o que sempre defendeu o Concello do Barco. Afirma o Alcalde que os concellos viven das subvencións e non tiña que ser así, senón que tería que haber unha Lei de financiamento como teñen as Comunidades Autónomas, pois os Concellos son un poder cos mesmos dereitos e a mesma dignidade que o poder autonómico e o poder central, que o sr. Blanco escandalízase cando un traballador que está en proceso de indefinido vai ó xulgado, e é o Alcalde quen os manda ao xulgado, porque para que un traballador sexa indefinido non basta con ter traballado nunha Administración vintecatro meses nun período de trinta, teno que dicir un xuíz, pois cando se saque a praza a concurso si o decretou un xuíz a praza que sae a concurso é esa e senón a concreta un xuíz e esa persoa non saca a praza podería reclamar seguir sendo indefinido con esa praza e quedarse o Concello cos dous postos de traballo, e non sería a primeira vez que pasa pois hai precedentes. Prosegue o sr. Alcalde dicindo que xa en moitas comisións dixo que as prazas de axuda a domicilio habería que sacalas a concurso pero que haberá que esperar a poder facelo que agora non se pode e que en calquera caso o problema do que se está a falar o teñen en todos os Concellos, como as prazas de Técnicos de emprego, que todos empezaron a traballar no mesmo ano e foron renovándose os contratos coas subvencións que se concedían. Conclúe o alcalde dicindo que sería unha loucura que todas as semanas se tivera unha comisión de persoal e que o Concello seguirá tendo as comisións de persoal que teña que ter e as que se estime conveniente e que seguirá dando toda a información nesas comisións, que xa a oposición ten toda a información xa que lla dan os técnicos aínda que unha cousa é pedir información e o dereito á información, e outra moi distinta é bloquear a institución, pois ás veces pídense cousas innecesarias e eso tamén o

contempla a lei, e que en relación coa moción o seu Grupo vai votar en contra.

Concédeselle a palabra ó sr. Blanco Paradelo quen di que se o Grupo de goberno vota en contra é por que o sr. Alcalde quere seguir manexando a situación xa que de non ser así non tería ningún inconveniente en comprometerse a convocar a comisión de persoal. Di o concelleiro que segundo o sr. Alcalde non se pode facer nada para evitar que os contratos de 56 persoas pasen de ser temporais a indefinidos e ó final case hai que darlle as grazas ó Alcalde polo ben que xestiona o persoal e que o seu Grupo pensa que eso non é así, que o Alcalde non intentou solucionar o problema, que contratou en fraude de lei e que hai persoas que non se poden presentar para postos temporais e si se presentan van a estar nunha terrible desigualdade pois parten de inicio con puntos negativos. Prosegue o sr. Blanco dando lectura aos informes oficiais dos técnicos municipais sobre os contratos laborais e que aínda que o alcalde falou de que dende o ano 1999 so entrou unha persoa das cincuenta que se citan a Moción que tivera relación con algún concelleiro e eso non é así pois el ten unha lista e pódelle dar catro nomes relacionados cos concelleiros anteriores e actuais, aínda que non os vai dar por respecto, pero que o Alcalde sabeo tamén e que no caso de que non o recoñeza terá que dicir publicamente os nomes. Di o concelleiro que pensa que se puideron xestionar outras solucións nos contratos dos laborais e non as quixeron facer e que ademais nese suposto descoñecemento da lei no caso da técnico de medio ambiente fixeron outro procedemento distinto, pois despedírona e logo readmitírona. Di o voceiro que insiste que coa actitude que se ten e votando en contra dun acordo ben sinxelo, o que se quere é seguir ocultando e que a oposición saiba destes caos ás veces por casualidade, e que o que se pretende coa Moción é que se convoque previamente a comisión de persoal cando haxa contratacións e que de todas formas o seu Grupo seguirá demandando medidas. Remata o sr. Blanco dicindo que quere que quede claro que os traballadores teñen todo o dereito a reclamar o que lles pertence e a conseguir o mellor para eles e que en ningún momento na iniciativa presentada polo seu Grupo está o querer prexudicar aos traballadores que están senón en pensar que haxa outras persoas que tamén podan acceder a ese posto de traballo, e que agradece o voto favorable do BNG.

Fai uso da palabra o voceiro do Partido Socialista, sr. Ojea Arias, quen pregunta se as familias dos membros da Corporación non teñen dereito a presentarse a unha oposición, se hai algunha capacidade de anular a algún membro, cando hai unhas bases polas que se pode presentar todo o que queira e non se presentan como se facía antes que era por amizade e afirma

que hai uns baremos e a xente pode reclamar se non está de acordo coa puntuación que se lle dea.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco Paradelo que fai uso dela para dicir que el está de acordo co que se acaba de dicir, que el non dixo o que se insinúa senón que o que fixo foi recriminar unhas declaracións feitas polo sr. Alcalde.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde que di que cando a Xunta creou o Pacto Territorial de Emprego, que eran uns contratos de 24 meses, concretamente o Pacto Territorial do Barco decidiron prorrogalo seis meses máis, polas razóns que foran, pero ó prorrogalo seis meses máis os traballadores que xa estaban contratados íanse volver a presentar a esas prazas e si aprobaban automaticamente quedaban como indefinidos na Xunta, entón a Xunta sacou unhas bases nas que dicía que non se podían contratar aos que xa estiveran no proceso anterior, e levouno a efecto non contratando a ninguén deles, contratou a seis traballadores novos e remitiu o diñeiro para pagar aos seis novos, e os seis anteriores que non habían sido contratados foron a maxistratura e gañaron e a Xunta tivo que pagar aos seis que estiveron os seis meses de prórroga e indemnizar aos outros seis que non contratou, porque a Lei está para cumprirse. Di o Alcalde que quere poñer outro exemplo, do que informará na próxima Comisión, que pode pasar o día un de xaneiro, e é que hai un convenio asinado coa Xunta, cunha vixencia de doce meses, para ter a rede Cemit, a aula de informática, eles pagan o 80% e o Concello o resto, e o día 31 de decembro do ano pasado chegou un escrito comunicando a prórroga do convenio, pois o día 1 íase a pechar a aula, entón continuouse coa traballadora e agora descoñécese o que vai pasar o próximo día 31 de decembro, pois a día de hoxe non se sabe nada, pero si se prórroga o convenio e a aula segue aberta o Concello ten dúas opcións, ou ben despedir á persoa que está agora levando a aula e sacar un concurso para outra, e en canto se convoque o concurso e se nomee a outra persoa, se non é a que está agora mesmo, que pode selo, ao día seguinte pode acudir a maxistratura e o xuíz obrigará ao Concello a readmitila, porque era un posto no que estaba ela, e eso o di a lei claramente, a outra opción é pechar a aula e renunciar ao convenio ou que o Concello teña unha traballadora indefinida, e o Concello ten que decidir si quere ter unha aula de informática e entón crear esa praza, aínda que agora non pode e ese é o problema que hai actualmente. Remata o sr Alcalde dicindo que a intención do Concello é clara, crear todas as prazas que nestes momentos cren que son imprescindibles para o funcionamento dos servizos que se prestan actualmente.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da moción presentada co resultado de que, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo) e oito votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

FASE DE CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

2º Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Crespo Díaz quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo e de paso alertar de que segue habendo vertedoiros incontrolados no Concello. Di que na Comisión de Medio Ambiente de 1 de febreiro de 2013 o seu Grupo preguntou polas medidas que se tomaran en relación cos vertedoiros incontrolados e o Grupo de goberno, despois da insistencia, destinou unha partida nos orzamentos expresamente para eliminalos, pero a proba de que seguen aí é un que hai a cen metros do casco do pobo de Forcadela, e que como non se tomaron medidas roga que se esixa a súa eliminación.

Pide a palabra a sra. Delgado Fernández quen, unha vez concedida, di que as súas preguntas van dirixida ao concelleiro de Deportes, que a primeira é que explique qué sucedeu esta semana na Piscina, pois estivo pechada, e porqué non se informou aos usuarios, di que o segundo é un rogo para transmitirle as queixas dos usuarios de que fai frío nas instalacións, ao saír da Piscina e nos vestiarios. Di a concelleira que a terceira é unha pregunta relacionada co tema da denuncia, e quere preguntarlle, como en reiteradas ocasións, como está ese tema da denuncia e do expediente que leva incoado xa case sete meses, é dicir, para cando vai ser a denuncia e cómo está a tramitación do expediente.

Contesta o sr. Fernández Arias, concelleiro delegado de deportes, que en relación coa primeira pregunta di que segundo se lle informou houbo un problema cunha válvula que é a encargada de quentar a auga do vaso da

Piscina, que eso solucionouse ao día seguinte pola mañá, pois foi un fallo técnico e que se solucionou inmediatamente e que lle consta que os encargados da Piscina avisaron aos usuarios da suspensión das actividades. Di o concelleiro que en relación coa terceira pregunta, como xa lle dixo na Comisión, el ocúpase principalmente de temas deportivos, de cómo están as instalacións, pero do tema de denuncias os técnicos poden informarlle mellor que el, e que tamén lle dixo que na Comisión de obras, onde está o sr. Alcalde e os técnicos, é onde lle podían informar mellor.

Di o sr. Alcalde que efectivamente encargóuselle ao Enxeñeiro municipal que se puxera en contacto con outros enxeñeiros, se foran necesarios, para que fixeran un informe exhaustivo porque así o pediu o Secretario, que xa ten o expediente organizado e estudado, e está pendente de que técnicos alleos ao Concello o consulten e fagan os informes técnicos sobre a idoneidade de todo, do proxecto, das obras, dos materiais, etc., Di o Alcalde que unha vez que estean os informes en Secretaría, a intención é encargar un informe xurídico, probablemente a un avogado externo, para que informe si hai caso ou non hai caso. Di que é un tema moi complexo pero que o procedemento está en marcha e que serán os técnicos os que digan o que hai que facer.

A sra. Delgado Fernández fai uso da palabra para dicir que falta por contestarlle ao rogo que fixo en relación ás queixas dos usuarios polo frío que fai nas instalacións.

Di o sr. Fernández Arias que eso ten difícil solución pois non é que faga frío alí, e depende das persoas, hai xente que sae suando porque sempre ten calor e xente que se mete na Piscina e ten sempre frío aínda que estea a 30°, e que depende moito de cada un dos usuarios.

Pide a palabra o sr. Alonso Araújo, concelleiro delegado de Medio Ambiente, quen, unha vez concedida, di que quería contestarlle ao sr. Crespo Díaz, en relación ao rogo que fixo na súa intervención ó principio deste punto da Orde do día e di que alégrase de que traia o tema dos vertedoiros, porque vólvese a falar do de sempre, de civismo, que están todos localizados, algúns deles clausurados e outros en vías de clausura, que lle agradece ao concelleiro que fale deste tema pois serve de acicate para insistir no civismo da xente e que pregaríalle que cando vexan algún vertedoiro llo comunique para enviar inmediatamente á Policía Local alí por si pode localizar ao responsable do vertido, xa que co transcurso dos días dificultase a identificación dos responsables, en vez de dicir quen foi o primeiro en localizalo.

Pide a palabra o sr. Ojea Arias quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo, referido a cando se aproban no Pleno as mocións, moitas veces por unanimidade, e que se deben ser consecuentes. Di o concelleiro que se está a referir ao Camiño de Inverno, que se apoiaron dúas ou tres mocións neste Pleno pero que tamén se deben apoiar onde as hai que apoiar, que non se pode dicir aquí unha cousa e alí outra e que hai que ser consecuente.

Di o sr. Blanco Paradelo que dende o equipo de Goberno non se pode facer rogos segundo o ROF e que os rogos os fan os concelleiros da oposición ao goberno e non ó revés. Di o sr. Blanco que como ía dirixido a el vai a explicar a situación e que consistiu en que presentouse unha iniciativa que pedía instar á Xunta de Galicia a que sinalizase o Camiño antes de terminar o 2013, e o Grupo Popular presentou unha emenda que era tal como a que se presentou no Concello de A Rúa e como se aprobou neste Concello, e o Grupo Socialista non quixo aceptala. Di que eso foi o que pasou e que si se pretendía sinalizar o Camiño antes de rematar o 2013, cando faltan 15 días non era posible.

Di o sr. Alcalde que a realidade é que ás veces un ten que tragar moitos sapos e que o sr. Blanco onte tivo que tragar un moi gordo, votando en contra dun asunto de interese para a Comarca de Valdeorras.

3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 564/13 ata o nº 673/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro e 7, 14, 21 e 28 de novembro de 2013.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 564/13 ata o nº 673/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro e 7, 14, 21 e 28 de novembro de 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:10 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez